

## Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional Admisión Formación Profesional 2021-2022

### Información importante. Réxime ordinario

#### 1. Presentación da solicitude

Deberá cubrirse unha única solicitude para cada grao utilizando o asistente informático que estará dispoñible en [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp). A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP sostida con fondos públicos, para ser selada, datada e validada.

No caso de se detectar erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude válida.

**Os datos das solicitudes admitidas e excluídas publicanse nas listaxes de solicitudes provisional e definitiva, non son listaxes de prazas adxudicadas. Os datos de identificación serán substituídos por un código persoal de consulta (CPC) nas listaxes.**

#### 2. Adxudicación de praza

As prazas adxudicadas publicanse nas listaxes de adxudicación. As persoas con praza adxudicada poden:

- **Matricularse:** deberase facer **no centro adxudicado e nos prazos establecidos**. Tamén estará dispoñible a reserva de matrícula a través da aplicación informática. Estar matriculado/a en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos.
- **Renunciar á praza:** deberase facer, nos prazos establecidos, en calquera centro público de Galicia con oferta de FP ou a distancia a través da aplicación informática. A renuncia afectará á praza que lle foi adxudicada e a todos os ciclos sinalados en lugares posteriores

na solicitude. Seguirase no proceso de adxudicación para os ciclos anteriores á praza que se renuncia.

- **Non matricularse nin renunciar:** as persoas que non se matriculen nin renuncien a prazas adxudicadas do réxime ordinario **quedarán excluídas do proceso de admisión** para este réxime e só se poderán matricular en prazas que queden vacantes ou liberadas.

#### 3. Distribución de prazas por módulo

Distribución das prazas dispoñibles para cada módulo por ciclo e centro para grao medio e para grao superior ao comezo do proceso de admisión:

Cota xeral 90%
Cota do 10 % para persoas con discapacidade
Cota do 5 % a maiores para deportistas de alto rendemento

En cada cota haberá tres grupos segundo o tipo de requisitos de acceso. En cada grupo as solicitudes ordénanse segundo as prelacións establecidas na normativa.

- No caso de **grao medio**:

Grupo A ESO e equivalentes	Grupo B FP básica e PCPI*	Grupo C Proba de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

\* Acceso por superación dos módulos obrigatorios de PCPI do curso 2011-2012 e seguintes.

- No caso de **grao superior**:

Grupo A BACH e equivalentes	Grupo B Título de técnico	Grupo C Proba de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

**Estar matriculado/a en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP, implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos.**

Período ordinario de admisión		Período extraordinario de admisión		
			Grao medio	Grao superior
Presentación de solicitudes	25 de xuño ás 9.00 ao 5 de xullo ás 13:00 horas	1ª adxudicación*	2 de setembro	2 de setembro
Listaxe provisional de solicitudes	12 de xullo	Matriculación 1ª adxudicación	2 ás 9.00 ao 6 de setembro ás 13:00 horas	2 ás 9.00 ao 6 de setembro ás 13:00 horas
Reclamación á listaxe provisional	12 ás 9.00 ao 14 de xullo ás 13:00 horas	Presentación de solicitudes	1 ás 9.00 ao 9 de setembro ás 13:00 horas	
Listaxe definitiva de solicitudes	20 de xullo	Listaxe provisional de solicitudes	14 de setembro	
1ª adxudicación	20 de xullo	Reclamación á listaxe provisional	14 ás 9.00 ao 16 de setembro ás 13:00 horas	
Matriculación 1ª adxudicación	20 ás 9.00 ao 26 de xullo ás 13:00 horas	Listaxe definitiva de solicitudes	21 de setembro	
2ª adxudicación ordinaria	28 de xullo	2ª adxudicación de grao medio	21 de setembro	
Matriculación 2ª adxudicación	28 ás 9.00 ao 30 de xullo ás 13:00 horas	Matriculación 2ª adxudicación	21 ás 9.00 ao 24 de setembro ás 13:00 horas	
		Adxudicación continuada (chamamento)	28 de setembro ás 9.00 ao 1 de outubro ás 13.00 horas	8 ás 9.00 ao 24 de setembro ás 13.00 horas

\* A 1ª adxudicación extraordinaria realizarase sobre as listaxes de espera do período ordinario.

**Nota:** lémbrese que as solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.

## Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional Admisión Formación Profesional 2021-2022

# Información importante. Réxime para as persoas adultas

### 1. Presentación da solicitude

Deberá cubrirse unha única solicitude para cada modalidade e grao utilizando o asistente informático que estará dispoñible en [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp). A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP sostida con fondos públicos, para ser selada, datada e validada.

No caso de se detectar erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude válida.

**Os datos das solicitudes admitidas e excluídas publícanse nas listaxes de solicitudes provisional e definitiva, non son listaxes de prazas adxudicadas. Os datos de identificación serán substituídos por un código persoal de consulta (CPC) nas listaxes.**

### 2. Adxudicación de praza

As prazas adxudicadas publícanse nas listaxes de adxudicación. As persoas con praza adxudicada poden:

- **Matricularse:** deberase facer **no centro adxudicado e nos prazos establecidos**. Tamén estará dispoñible a reserva de matrícula a través da aplicación informática. Quedará en lista de espera dos módulos do ciclo no que se matricule e que non foran adxudicados. Estar matriculado en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos.
- **Non matricularse:** seguirase no proceso de adxudicación para os módulos nos que estea en espera.

### 3. Distribución de prazas por módulo

Distribución das prazas dispoñibles para cada módulo por ciclo e centro para grao medio e para grao superior ao comezo do proceso de admisión:

Cota xeral 90%
Cota do 10 % para persoas con discapacidade
Cota do 5 % a maiores para deportistas de alto rendemento

En cada cota as solicitudes ordénanse segundo a puntuación obtida ao aplicar o baremo establecido para o réxime de persoas adultas.

**Estar matriculado/a en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP, implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos.**

Período ordinario de admisión		Período extraordinario de admisión		
			Grao medio	Grao superior
Presentación de solicitudes	25 de xuño ás 9.00 ao 5 de xullo ás 13:00 horas	1ª adxudicación*	2 de setembro	2 de setembro
Listaxe provisional de solicitudes	12 de xullo	Matriculación 1ª adxudicación	2 ás 9.00 ao 6 de setembro ás 13:00 horas	2 ás 9.00 ao 6 de setembro ás 13:00 horas
Reclamación á listaxe provisional	12 ás 9.00 ao 14 de xullo ás 13:00 horas	Presentación de solicitudes	1 ás 9.00 ao 9 de setembro ás 13:00 horas	
Listaxe definitiva de solicitudes	20 de xullo	Listaxe provisional de solicitudes	14 de setembro	
1ª adxudicación	20 de xullo	Reclamación á listaxe provisional	14 ás 9.00 ao 16 de setembro ás 13:00 horas	
Matriculación 1ª adxudicación	20 ás 9.00 ao 26 de xullo ás 13:00 horas	Listaxe definitiva de solicitudes	21 de setembro	
2ª adxudicación ordinaria	28 de xullo	2ª adxudicación de grao medio	21 de setembro	
Matriculación 2ª adxudicación	28 ás 9.00 ao 30 de xullo ás 13:00 horas	Matriculación 2ª adxudicación	21 ás 9.00 ao 24 de setembro ás 13:00 horas	
		Adxudicación continuada (chamamento)	28 de setembro ás 9.00 ao 1 de outubro ás 13.00 horas	8 ás 9.00 ao 24 de setembro ás 13.00 horas

\* A 1ª adxudicación extraordinaria realizarase sobre as listaxes de espera do período ordinario.

**Nota:** lémbrese que as solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.



## Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

# Admisión Formación Profesional 2021-2022

- Réxime ordinario
- Réxime para as persoas adultas

## Instrucións xerais

Versión 2 (Actualizado 22/06/2021)



**Xacobeo 21-22**

Lembre que a normativa prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.



## Índice

---

1	Introdución.....	4
2	Prazos de inscrición.....	5
3	Presentación de solicitude.....	6
	3.1. Proceso de admisión centralizado.....	6
	3.2. Proceso de admisión non centralizado.....	6
4	Documentación.....	7
5	Criterios de desempate.....	7
6	Información e publicación de listaxes.....	7
	6.1. Itinerarios formativos no réxime para as persoas adultas.....	8
7	Procedemento de matrícula.....	8
	7.1. Matrícula de persoas con praza adxudicada no proceso centralizado.....	8
	7.2. Matrícula de persoas que solicitan prazas liberadas.....	9
	7.3. Matrícula para 2º curso do réxime ordinario.....	9
8	Renuncia a prazas adxudicadas no réxime ordinario.....	9
9	Período ordinario.....	10
	9.1. Prazo ordinario de presentación de solicitudes.....	10
	9.2. Listaxe provisional de solicitudes e reclamacións.....	10
	9.3. Listaxe definitiva de solicitudes.....	11
	9.4. Primeira adxudicación ordinaria e matrícula.....	11
	9.5. Segunda adxudicación ordinaria e matrícula.....	11
	9.6. Liberación de prazas.....	11
10	Período extraordinario.....	12
	10.1. Primeira adxudicación extraordinaria e matrícula.....	12
	10.2. Prazo extraordinario de presentación de solicitudes para grao medio.....	12
	10.3. Listaxe provisional de solicitudes e reclamacións.....	12
	10.4. Listaxe definitiva de solicitudes.....	12
	10.5. Segunda adxudicación extraordinaria e matrícula.....	13
	10.6. Liberación de prazas.....	13
11	Adxudicación continuada.....	13
	11.1. Ciclos de grao medio e de grao superior.....	13
12	Matrícula simultánea en ciclos formativos.....	14
13	Prazas vacantes do réxime ordinario ocupadas polo alumnado en réxime para as persoas adultas.....	15
14	Remate do procedemento de admisión e matriculación.....	15
15	Número mínimo de solicitudes de matrícula.....	15
16	Acceso mediante titulacións estranxeiras.....	15





17	Admisión a ciclos con requisitos psicofísicos.....	16
	17.1. Grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas.....	16
18	Normativa relacionada.....	17





## 1 Introducción

---

A normativa vixente establece que a dirección xeral ditará as normas precisas para o desenvolvemento do proceso de admisión en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior.

Os cambios normativos que segundo a disposición derradeira quinta da LOMCE son de aplicación desde o curso 2016-2017 foron recollidos na Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas (DOG do 27 de xuño).

A disposición derradeira quinta da LOMCE foi modificada polo Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, e desenvolvido polo Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, de xeito que ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación:

- Non terán efecto académico as probas para a avaliación final de etapa para a obtención dos títulos de graduado en ESO e do bacharelato.
- Os títulos de graduado en ESO permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobligatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Deste xeito, para os efectos do proceso de admisión para o curso 2021-2022, todas as titulacións de graduado en ESO han ter a mesma consideración, e para o cálculo da nota de acceso estarase ao establecido no primeiro parágrafo do artigo 22.3 da devandita Orde do 15 de xuño de 2016:

- “Será a puntuación obtida como media aritmética das cualificacións logradas nas áreas, nas materias e nos ámbitos do cuarto curso, agás a materia de Relixión, expresada con dúas cifras decimais. No caso das ensinanzas da educación secundaria obrigatoria da educación de persoas adultas, só se terán en conta as notas obtidas nos tres ámbitos de coñecemento”.

O punto 3 da disposición adicional terceira da Lei Orgánica 8/2013, do 9 decembro, para a mellora da calidade educativa foi derrogado, polo tanto, estar en posesión unicamente o título de BUP non dá acceso aos ciclos formativos de grao superior.

Para o curso 2021-2022 amplíase a oferta de cursos de especialización de formación profesional. A solicitude terá que realizarse a través do asistente informático modelo dispoñible na páxina web de FP e terá que ser entregada nalgún centro con oferta de cursos de especialización.

As persoas que desexen participar no proceso de admisión a cursos de especialización de formación profesional terán dispoñible un documento informativo específico que se poderá consultar na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/fp/ven-fp>.





## Novidades:

- Non haberá período extraordinario de presentación de solicitudes para ciclos de grao superior, en calquera réxime, xa que non existe convocatoria extraordinaria de Bacharelato no mes de setembro.
- No artigo 53 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establécese que o alumnado que estea en posesión do título de Técnico/a de Artes Plásticas e Deseño poderá acceder aos ciclos formativos de formación profesional. Na comunidade autónoma de Galicia tamén terán acceso as persoas en posesión dun título de Técnico/a superior de Artes Plásticas e Deseño.
- Non poderán acceder a un ciclo formativo de grao superior aquelas persoas que acrediten como único requisito de acceso o título de BUP.

## 2 Prazos de inscrición

---

Con independencia do réxime solicitado, ordinario ou para as persoas adultas, os prazos de presentación de solicitudes de admisión para o curso 2021-2022 serán os seguintes:

- O **prazo ordinario** será desde as **9:00 horas do 25 de xuño ás 9.00 horas ata as 13:00 horas do 5 de xullo**.
- O **prazo extraordinario** abranguerá desde o día **1 ás 9.00 horas ao 9 de setembro ás 13:00 horas**. Neste período só se poderán presentar solicitudes para ciclos de grao medio, tanto no réxime ordinario como para as persoas adultas.

Para presentar a solicitude de inscrición para ciclos formativos de formación profesional hai que ter en conta o seguinte:

- Unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra os requisitos de acceso no momento da inscrición.
- As solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.
- Estar matriculado en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos. Deste xeito, tan pronto se efectúe unha matrícula as solicitudes desa persoa son excluídas do proceso de admisión, agás o establecido para as solicitudes de matrícula simultánea.
- **As persoas admitidas en FP dual quedarán excluídas do procedemento de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas (tanto na modalidade presencial como a distancia) e cursos de especialización.**
- As persoas admitidas en cursos de especialización de formación profesional quedarán excluídas do procedemento de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario ou para persoas adultas, tanto na modalidade presencial como a distancia.





- No caso de non seren admitidas en ningún proxecto de FP dual ou en ningún curso de especialización poderán continuar no proceso de admisión xeral a ciclos formativos.

## 3 Presentación de solicitude

### 3.1. Proceso de admisión centralizado

Refírese ao proceso de admisión ao 1º curso do réxime ordinario e ao réxime para as persoas adultas tanto na modalidade presencial como na modalidade semipresencial ou a distancia. A presentación de solicitudes realizarase segundo o disposto nos **artigos 15 e 17** da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión.

Deberá cubrirse unha única solicitude para cada modalidade e grao utilizando o asistente informático que estará dispoñible en [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp). A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP sostida con fondos públicos para ser selada, datada e validada.

No caso de se detectar erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderá xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude validada.

De ser necesaria a entrega, xunto coa documentación, nun centro educativo, poderase presentar a solicitude, cuberta mediante o asistente informático e asinada, en sobre aberto en calquera oficina de Correos, para ser remitida por correo certificado co selo de Correos coa data de entrega, lugar, hora e nome da oficina (artigo 31 do Real decreto 1829/1999), e a persoa solicitante pedirá explicitamente que se fagan constar as circunstancias do envío, logo da comparación co documento de identidade, segundo o referido artigo. **A solicitude irá dirixida ao centro elixido en primeira opción.** A documentación presentada que non sexa orixinal deberá estar compulsada, tamén se deberá incluír unha copia simple do documento de identidade. Será necesario remitir, **nos prazos de admisión**, unha copia da documentación presentada e selada, mediante correo electrónico ao centro ao que vaia dirixida a solicitude. Os enderezos electrónicos dos centros poden consultarse en:

- <https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/>

### 3.2. Proceso de admisión non centralizado

Refírese ao proceso de admisión ao 2º curso do réxime ordinario. A presentación de solicitudes realizarase segundo o disposto no **artigo 16** da devandita Orde do 15 de xuño de 2016. Neste caso a solicitude non se cobre mediante o asistente informático senón que se empregará o anexo







I que estará dispoñible na páxina <http://www.edu.xunta.gal/fp> e na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (procedemento ED519A).

## 4 Documentación

---

A documentación que cumprirá presentar será a establecida nos artigos 15 e 16 da Orde do 15 de xuño de 2016, para ciclos formativos do réxime ordinario, e no artigo 17, para módulos profesionais do réxime para as persoas adultas en calquera modalidade. Nos procesos centralizados de admisión o asistente informático indica a documentación que é necesario presentar cando a Administración non dispoña dela ou non sexa posible a súa consulta nos sistemas informáticos.

Cando os estudos requiridos para o acceso a ciclos se realizasen en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e en ensinanzas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, non cumprirá a achega da documentación relativa aos requisitos de acceso, agás nos casos en que a Administración educativa así o demande.

Tampouco cumprirá, cando sexa o caso, a presentación do certificado de superación da proba de acceso a ciclos formativos cando a proba se realizase na Comunidade Autónoma de Galicia despois do ano 2008, agás nos casos en que a Administración educativa así o demande.

## 5 Criterios de desempate

---

Aplicarase o establecido nos artigos 10, 11, 12 e 13 da Orde do 15 de xuño de 2016. A relación de ciclos formativos co sexo preferente que corresponde asignar nos casos de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar está dispoñible no enderezo web [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp).

De persistir o empate, este resolverase atendendo ao publicado na Resolución do 25 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fai público o resultado do sorteo a que fai referencia o artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013.

Consonte o resultado do sorteo, serán as letras **W** e **S** as de prioridade que afectan ao primeiro apelido, e as letras **B** e **F** as que afecten ao segundo apelido, para os efectos de resolución do desempate na orde de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos no curso 2021-2022.

## 6 Información e publicación de listaxes

---

Toda a información e a documentación do proceso de admisión centralizada a ciclos estará dispoñible no enderezo web [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp).

Nas datas establecidas as listaxes de solicitudes provisionais e definitivas e as listaxes de adxudicación serán publicadas no enderezo web de formación profesional. Así mesmo, os centros publicarán as súas listaxes e adxudicacións no taboleiro de anuncios.





## 6.1. Itinerarios formativos no réxime para as persoas adultas

No enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/fp/itinerarios-adultos> pódese consultar información orientadora sobre os itinerarios formativos recomendados e a orde en que é preferible cursar os módulos do réxime para as persoas adultas.

Esta información ten a finalidade de que as persoas que solicitan praza no réxime de persoas adultas dispoñan da información complementaria necesaria para realizar a solicitude de admisión e posteriormente no momento de solicitar a matrícula nas prazas adxudicadas. Para obter información ampliada e matizada pódese acudir aos servizos de orientación dos centros educativos nos que se imparten estas ensinanzas.

## 7 Procedemento de matrícula

### 7.1. Matrícula de persoas con praza adxudicada no proceso centralizado

As persoas que participen no proceso de admisión centralizado e obtivesen algunha praza adxudicada terán que matricularse no período de matrícula da correspondente adxudicación. Para efectuar esta matrícula deberán obter o modelo de impreso de solicitude de matrícula (para o réxime ordinario ou para o réxime de persoas adultas segundo corresponda) que estará dispoñible en <http://www.edu.xunta.gal/fp>. Este documento, cuberto coa matrícula e asinado, deberá entregarse persoalmente ou por persoa autorizada no prazo de matrícula establecido para a correspondente adxudicación no centro en que lle fose adxudicada a praza en que se vaia matricular. Así mesmo, está dispoñible o servizo de reserva/matricula de praza a través da aplicación informática; esta é unha opción máis recomendable que a de efectuala de xeito presencial. De non efectuar a matrícula no prazo correspondente á praza adxudicada **perderá o dereito á súa praza** e só poderá matricularse no caso de existir prazas vacantes.

Para o **1º curso do réxime ordinario** e para o **réxime de persoas adultas en modalidade a distancia** poderase realizar a solicitude/ reserva de matrícula nas prazas adxudicadas a través de internet na aplicación informática que se atopará no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/fp>. Para o acceso, entre outros procedementos de autenticación, será preciso cubrir os datos de identificación e da solicitude de inscrición coa que se obtivo a praza adxudicada.

A solicitude de matrícula web deberá facerse no prazo indicado no calendario para esa adxudicación. O centro durante a primeira semana de clase solicitaralle ao alumnado matriculado por este procedemento a xustificación do pagamento do seguro escolar e a documentación. Non atender estes requirimentos pode ser causa de anulación da matrícula ou baixa de oficio. Calquera outra documentación que o centro que considere necesaria non ten carácter obrigatorio de entrega por parte do alumnado.

Para o **réxime de persoas adultas en modalidade presencial** non será posible realizar esta solicitude de matrícula nas prazas adxudicadas a través de internet. Si será posible facer a reserva dos módulos adxudicados, pero será necesario entregar no centro unha única solicitude de matrícula segundo as instrucións que se publiquen.





## 7.2. Matrícula de persoas que solicitan prazas liberadas

As persoas que desexen matricularse nunha praza liberada entregarán persoalmente ou por persoa autorizada o anexo I ou II segundo corresponda, xunto coa documentación necesaria, no centro que teña a praza liberada, dentro do período correspondente.

## 7.3. Matrícula para 2º curso do réxime ordinario

O procedemento de solicitude e matrícula en 2º curso non está centralizado; non poderá utilizarse o asistente web para realizar a solicitude. Coa entrada en vigor da Orde de admisión de 2016, as follas de solicitude e de matrícula son a mesma (o anexo I), así que teremos dúas situacións:

- Alumnado con praza garantida por pasar de 1º a 2º curso ou repetir 2º por primeira vez no mesmo centro e ciclo: será necesario que realice a solicitude no período correspondente, desde o **25 de xuño ás 9.00 horas ao 5 de xullo ás 13:00 horas**, e a entregue no centro no que vai cursar os estudos. Non será preciso que no período de matrícula volva cubrir o impreso de matrícula.
  - **O centro poderá poñerse en contacto co alumnado que teña a praza garantida para a confirmación da matrícula e evitar, deste xeito, que teña que acudir de forma presencial. Empregarase unha vía de contacto axeitada que permita garantir a identidade do alumnado que se vai matricular. O centro disporá de prazo ata o día 7 de xullo para rexistrar as matrículas na aplicación informática de xestión académica do alumnado.**
- O alumnado noutras circunstancias (artigo 16 da orde do 15 de xuño de 2016) sen praza garantida deberá presentar a seguinte documentación: certificación académica do centro de orixe, onde conste explicitamente que se cumpren os criterios de promoción ao segundo curso. Tamén deberá constar a baremación da nota de acceso ao ciclo. En caso de non existir, deberá ser baremado novamente polo centro no que solicite a praza, para o cal deberá xuntar a documentación á que se fai referencia no artigo 15 da Orde do 15 de xuño de 2016, se o centro llo solicita.

## 8 Renuncia a prazas adxudicadas no réxime ordinario

As persoas solicitantes de primeiro curso do réxime ordinario poderán renunciar a unha praza adxudicada e permanecer no proceso de admisión, á espera de que lles sexa adxudicada algunha das opcións de maior prioridade que a adxudicada. A renuncia afectará á praza que lle fose adxudicada e a todos os ciclos sinalados en lugares posteriores na solicitude.

A renuncia deberase realizar a través de internet na aplicación informática que se atopa no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/fp>, seguindo o procedemento que se habilite para esta finalidade.





Tamén se poderá realizar a renuncia co impreso correspondente, que estará dispoñible en <http://www.edu.xunta.gal/fp>. Este documento, cuberto coa renuncia e asinado, deberá entregarse no prazo de matrícula establecido para a correspondente adxudicación en calquera centro de Galicia con oferta de formación profesional sostida con fondos públicos ou no centro no que lle fose adxudicada a praza á que vai renunciar.

O feito de renunciar á adxudicación dunha praza do réxime ordinario é condición indispensable para permanecer na listaxe de espera dos ciclos de maior preferencia que a praza adxudicada. As persoas solicitantes con praza adxudicada que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado **perderán o dereito á súa praza** e só poderán matricularse no caso de existir prazas vacantes ou liberadas.

## 9 Período ordinario

---

### 9.1. Prazo ordinario de presentación de solicitudes

As secretarías dos centros docentes, ademais de recoller as solicitudes para a admisión a ciclos formativos, cargarán os datos na aplicación informática Ciclosadmisión, **do 25 de xuño ás 9.00 horas ata as 13:00 horas do día 5 de xullo**.

No caso das solicitudes de persoas que acrediten discapacidade, a data límite para a carga do informe de escolarización do departamento de orientación do centro elixido como primeira opción será as 14:00 horas do 6 de xullo.

As solicitudes de 2º curso de grao medio e de grao superior do réxime ordinario non precisan ningún trámite nin carga de datos na aplicación informática Ciclosadmisión, xa que este procedemento de admisión non está centralizado e a súa resolución corresponde a cada centro educativo, nos mesmos prazos que o resto das ensinanzas de formación profesional.

### 9.2. Listaxe provisional de solicitudes e reclamacións

O **día 12 de xullo** publicaranse as relacións provisionais de persoas solicitantes para cada réxime, modalidade e grao, co código persoal de consulta (CPC), a nota de acceso ou a puntuación conseguida, o sexo da persoa solicitante, e as opcións de preferencia. No caso de solicitudes excluídas aparecerá consignada a causa de exclusión.

Establécese **un prazo de reclamacións** desde o **día 12 ás 9.00 horas ao 14 de xullo ás 13:00 horas**.

Os centros terán de prazo ata o día 14 de xullo ás 14:00 horas para cargaren na aplicación informática os datos coas modificacións xurdidas das reclamacións.





### 9.3. Listaxe definitiva de solicitudes

O día **20 de xullo** publicaranse as relacións definitivas de persoas solicitantes para cada réxime, modalidade e grao, co código persoal de consulta (CPC), a nota de acceso ou a puntuación conseguida, o sexo da persoa solicitante, e as opcións de preferencia. No caso de solicitudes excluídas aparecerá consignada a causa de exclusión.

### 9.4. Primeira adxudicación ordinaria e matrícula

O día **20 de xullo** publicarase a primeira relación ordinaria de prazas adxudicadas en cada ciclo formativo de grao medio ou de grao superior para cada réxime e modalidade. As persoas con praza adxudicada deberanse matricular no prazo abranguido desde o día **20 ás 9.00 horas ao día 26 de xullo ás 13:00 horas**. De non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

No caso do réxime ordinario, non matricularse nin renunciar significa quedar excluído/a do proceso de admisión.

Os centros teñen de prazo ata as 14:00 horas do día 26 de xullo para cargaren as matrículas e, no caso do réxime ordinario, tamén as renunciadas, na aplicación informática que corresponda.

### 9.5. Segunda adxudicación ordinaria e matrícula

O día **28 de xullo** publicarase a segunda relación ordinaria de prazas adxudicadas en cada ciclo formativo de grao medio ou superior para cada réxime e modalidade. As persoas con praza adxudicada deberanse matricular no prazo abranguido desde o día **28 ás 9.00 horas ata o día 30 de xullo ás 13:00 horas**. De non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

No caso do réxime ordinario, non matricularse nin renunciar significa quedar excluído/a do proceso de admisión.

Os centros teñen de prazo ata as 14:00 horas do día 30 de xullo para cargaren as matrículas e, no caso do réxime ordinario, tamén as renunciadas, na aplicación informática que corresponda.

### 9.6. Liberación de prazas

A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional poderá liberar as prazas vacantes dos ciclos formativos ata o 30 de xullo ás 13:00 horas para alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes de matrícula.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.





## 10 Período extraordinario

---

### 10.1. Primeira adxudicación extraordinaria e matrícula

O día **2 de setembro** publicarase a primeira relación extraordinaria de prazas adxudicadas en cada ciclo formativo de grao medio ou de grao superior para cada réxime e modalidade. As persoas con praza adxudicada deberanse matricular no prazo abranguido desde o día **2 ás 9.00 horas ao día 6 de setembro ás 13:00 horas**. De non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

No caso do réxime ordinario, non matricularse nin renunciar significa quedar excluído/a do proceso de admisión.

Os centros teñen de prazo ata as 14:00 horas do día 6 de setembro para cargaren as matrículas e, no caso do réxime ordinario, tamén as renunciadas, na aplicación informática que corresponda.

### 10.2. Prazo extraordinario de presentación de solicitudes para grao medio

As secretarías dos centros docentes, ademais de recoller as solicitudes para a admisión a ciclos formativos de **grao medio**, cargarán os datos asociados a elas na aplicación informática Ciclosadmisión, **do 1 de setembro ás 9.00 horas ata as 14:00 horas do día 9 de setembro**.

No caso das solicitudes de persoas que acrediten discapacidade, a data límite para a carga do informe de escolarización do departamento de orientación do centro elixido como primeira opción será as 11:00 horas do 10 de setembro.

### 10.3. Listaxe provisional de solicitudes e reclamacións

O día **14 de setembro** publicaranse as relacións provisionais de persoas solicitantes para cada réxime, modalidade e grao, co Código persoal de consulta (CPC), a nota de acceso ou a puntuación conseguida, o sexo da persoa solicitante, e as opcións de preferencia. No caso de solicitudes excluídas aparecerá consignada a causa de exclusión.

Establécese **un prazo de reclamacións** desde o día **14 ás 9.00 horas ao 16 de setembro ás 13:00 horas**.

Os centros terán de prazo ata o día 16 de setembro ás 14:00 horas para cargaren na aplicación informática os datos coas modificacións xurdidas das reclamacións.

### 10.4. Listaxe definitiva de solicitudes

O día **21 de setembro** publicaranse as relacións definitivas de persoas solicitantes para cada réxime, modalidade e grao, co código persoal de consulta (CPC), a nota de acceso ou a





puntuación conseguida, o sexo da persoa solicitante, e as opcións de preferencia. No caso de solicitudes excluídas aparecerá consignada a causa de exclusión.

## 10.5. Segunda adxudicación extraordinaria e matrícula

O día **21 de setembro** publicarase a segunda relación extraordinaria de persoas admitidas en cada ciclo formativo de grao medio para cada réxime e modalidade. As persoas con praza adxudicada deberanse matricular no prazo abranguido desde **o día 21 ás 9.00 horas ao día 24 de setembro ás 13:00 horas**. De non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

No caso do réxime ordinario, non matricularse nin renunciar significa quedar excluído/a do proceso de admisión.

Os centros teñen de prazo ata as 14:00 horas do día 24 de setembro para cargaren as matrículas e, no caso do réxime ordinario, tamén as renuncias, na aplicación informática que corresponda.

## 10.6. Liberación de prazas

A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional **poderá liberar as prazas vacantes do ciclo formativo ata o 8 de outubro ás 13:00 horas** para o alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

# 11 Adxudicación continuada

---

## 11.1. Ciclos de grao medio e de grao superior

No caso dos ciclos de **grao superior** entre o **8 de setembro ás 9.00 horas ao 24 de setembro ás 13:00 horas**, e para **grao medio** do **28 de setembro ás 9.00 horas ao 1 de outubro ás 13.00 horas**, abrirase un proceso de adxudicación de prazas vacantes residuais nas que exista lista de espera. Os centros con prazas nesta situación, efectuarán chamamentos telefónicos ás persoas que corresponda segundo a lista de espera para cubrir as prazas vacantes. As chamadas efectuaranse aos números de teléfono consignados na solicitude de admisión. Procederá á matriculación das persoas que acepten a praza.

Para cada persoa realizaranse un mínimo de tres intentos de chamada separados por media hora. Se houber dous teléfonos intentarase en ambos. **Se finalmente non se localiza a persoa, pasarase á seguinte da lista.**





No caso de contactar coa persoa, explicaráselle que ten a posibilidade de matricularse na praza vacante (pode dárselle media hora para pensalo). A persoa ten dúas opcións logo de recibida a información:

- **Renunciar:** a renuncia é exclusivamente a esa praza (ciclo ou módulo). No resto das listas de espera en que estivese non será modificada a súa posición, incluídas aquelas de menor prioridade, xa que logo este é un procedemento deseñado para cubrir as vacantes residuais do proceso de admisión.
- **Aceptar:** a persoa ten **24 horas** para entregar toda a documentación para formalizar a matrícula e iniciar a actividade lectiva. **Non presentarse no prazo implicará a perda do dereito sobre esa praza.** A aceptación da praza significa a renuncia a continuar no proceso de admisión.

Cómpre aclarar que nesta fase do proceso cada centro chama o alumnado das súas listas de espera de xeito independente, polo que non é posible ter en conta a orde de prioridade que cada persoa establecera na súa solicitude de admisión. Deste xeito pode ocorrer que unha mesma persoa pode ser chamada desde varios centros diferentes, mesmo un alumno xa chamado neste proceso e pendente de matrícula pode ser chamado por outro centro.

## 12 Matrícula simultánea en ciclos formativos

O alumnado matriculado nun ciclo formativo, en bacharelato ou en ESO poderá solicitar a autorización de matrícula simultánea de acordo co procedemento e nas condicións que se establecen no artigo 6 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

O prazo de presentación de solicitudes abranguerá **desde o 28 de setembro ás 9.00 horas**, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera, **ata o 1 de outubro ás 13.00 horas**.

O Servizo Territorial de Inspección Educativa resolverá a autorización no prazo que abrangue desde o **28 de setembro ata o 4 de outubro ás 14.00 horas**, á vista dos informes de inspección dos centros implicados na solicitude, se existe unha compatibilidade horaria mínima do 90 %, que se deberá remitir ao centro educativo a través da aplicación informática que xestiona a admisión antes do remate do período de matrícula.

De acordo co artigo 6.2.d) da citada Orde do 12 de xullo de 2011, logo de concedida a autorización da matrícula simultánea, o alumno ou a alumna poderán formalizar a matrícula no centro educativo no prazo que abrangue desde o 5 ás 9.00 horas ata o 8 de outubro ás 13.00 horas, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera.

No caso do alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de Formación en centros de traballo e/ou o módulo de Proxecto, de ser o caso, poderá solicitarse a matrícula simultánea, a partir do 28 de setembro ou en calquera momento do curso académico, co fin de efectuar a matrícula no devandito módulo nas condicións establecidas no artigo 6.5 da Orde do







28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 13 Prazas vacantes do réxime ordinario ocupadas polo alumnado en réxime para as persoas adultas

---

O alumnado matriculado polo réxime de persoas adultas nas prazas que resulten vacantes do réxime ordinario, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 24 de maio de 2021 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2021-2022, asistirá ás actividades lectivas coa organización establecida para o réxime ordinario. En todo caso, a matrícula parcial de módulos realizarase para o mesmo ciclo formativo e non poderá superar a carga lectiva anual de 1000 horas. A avaliación realizarase polo réxime de persoas adultas, e para estes efectos, o profesorado do réxime ordinario incorporárase á xunta de avaliación correspondente de persoas adultas.

## 14 Remate do procedemento de admisión e matriculación

---

O proceso de matriculación rematará o día **8 de outubro**. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización expresa da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional. Esta autorización farase por medio da aplicación informática que xestiona a admisión.

## 15 Número mínimo de solicitudes de matrícula

---

Consonte a normativa que regula a oferta formativa de ciclos de formación profesional, no caso de non acadarse o número mínimo de solicitudes de matrícula de primeira opción no período ordinario non se poderán realizar matrículas nin impartir o ciclo nin os módulos sen a autorización expresa da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional. Esta autorización poderá realizarse a través da aplicación informática.

## 16 Acceso mediante titulacións estranxeiras

---

No caso das solicitudes para o acceso a ciclos formativos nas que se aleguen titulacións obtidas fóra do Estado español é moi importante que os datos persoais e académicos da credencial de homologación ou da solicitude de inscrición condicional coincidan cos da solicitude de admisión.





No espazo habilitado na aplicación (despois de marcar a entrega da solicitude e acceder á ventá de validación) para cargar especificamente a documentación de estudos estranxeiros deberase achegar:

- No caso de dispoñer de homologación do título estranxeiro:
  - O Documento Oficial de Identidade
  - A homologación do título.
- No caso de non dispoñer da homologación do título estranxeiro:
  - Copia do Documento Oficial de Identidade que corresponda.
  - Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanza non universitarias (Anexo I da Orde reguladora do procedemento de homologación) co selo de rexistro de entrada.
  - Declaración responsable para inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial (Anexo III da Orde reguladora do procedemento de homologación) co selo de rexistro de entrada.
  - Resgardo de pagamento da taxa de solicitude de homologación (excepto para a o título de graduado en educación secundaria obrigatoria).

Nos casos nos que a identidade coa que se obtivo a credencial de homologación ou os da solicitude de inscrición condicional sexan diferentes aos do DOI que se entrega coa solicitude de admisión, será necesario achegar certificado do Rexistro Civil ou da policía onde se acredite que se trata da mesma persoa.

No proceso de admisión das persoas que desexen acceder a ciclos formativos de formación profesional mediante titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español, empregárase a nota media reflectida na credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois necesarios para o acceso a ciclos. No caso de non teren reflectida nota media na credencial definitiva de homologación ou de alegaren solicitude de inscrición condicional, consignaráselles unha nota de cinco puntos.

## 17 Admisión a ciclos con requisitos psicofísicos

### 17.1. Grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas

A admisión ao ciclo formativo de **grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas** requirirá ter dezoito anos feitos no momento de presentación da solicitude, así como superar unha serie de probas físicas en instalacións en terra e en piscina, un exame médico específico, unha avaliación psicolóxica de aptitude para o mergullo profesional e unha proba de compresión e tolerancia ao osíxeno hiperbárico, de acordo coa disposición adicional primeira da Orde do 15 de xuño de 2016 e co artigo 31 da Orde do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.





Para poder realizar as probas físicas en terra e piscina é necesario presentar un certificado médico ordinario en impreso oficial que os cualifique "coa aptitude física necesaria para a realización das probas físicas tanto en terra como en piscina" esixidas para o acceso ao primeiro curso do ciclo de grao medio de mergullo (anexo IV da Orde 23 abril de 1999 da Consellería de pesca, marisqueo e Acuicultura DOG nº 90 do 12/05/1999)

O exame médico específico e a avaliación psicolóxica realízana facultativos homologados ao efecto e é requisito previo para poder realizar a proba de cámara hiperbárica.

Por razóns de seguridade non é posible incrementar o número de prazas ofrecidas do ciclo, polo que, de ser necesario, a reserva de prazas para deportistas de alto nivel ou de alto rendemento se realizará descontando a praza reservada por esta cota do total do número de prazas ofertadas.

Debido ás características especiais do ciclo de grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas e á necesidade dunha convocatoria para a realización de probas específicas, só se terán en conta as solicitudes que teñan como primeira opción este ciclo. Non será posible solicitar este ciclo en opcións de preferencia posteriores á primeira.

A información sobre todo o relativo a requisitos e probas específicos para o ciclo de grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas estará dispoñible no centro onde se ofrece e na súa páxina web [www.igafa.es](http://www.igafa.es), Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa). Lugar Niño do Corvo s/n, CP 36626, Ila de Arousa (Pontevedra). Teléfono: 886 159 303/886 159 304.

## 18 Normativa relacionada

---

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Real decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, de acordo co disposto no Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para persoas adultas.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.





- Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial.
- Orde do 24 de maio de 2021 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2021-2022.
- Orde do 24 de maio de 2021 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2021-2022.
- Orde do ... de xuño de 2021, pola que se actualiza a oferta de formación profesional dual e de cursos de especialización en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2021-2022.
- Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de Formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

